

# BANDO

## “XUNTOS POLO NADAL”



Informase ás veciñas e veciños que a Consellería de Política Social ven de abrir o prazo de solicitude para o Programa de promoción do envellecemento activo e convivencia, “Xuntos polo Nadal 2016”, destinado ás persoas maiores que se atopen soas nestas datas, xa sexa por carencia de familiares ou amizades ou por outras circunstancias.

### Persoas beneficiarias e requisitos:

- Ter 60 anos, cumpridos no momento en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- Estar empadroado nalgún dos concellos galegos e vivir no seu domicilio.
- Ter que pasar só ou soa as datas do Nadal.
- Valerse por si mesmo e non padecer enfermidade infecto-contaxiosa activa nin trastornos mentais ou condutuais non compensados que poidan alterar a convivencia.
- Non residir nun centro residencial.

### Datas e Servizos:

O programa levarase acabo entre o 23 de decembro de 2016 e o 2 de xaneiro de 2017 na Residencia de Tempo Libre de Panxón, en Nigrán (Pontevedra), e comprende os seguintes servizos:

- ❖ Estancia na residencia durante 11 días (10 noites).
- ❖ Aloxamento, en habitacións compartidas e manutención en réxime de pensión completa.
- ❖ Desprazamento en autobús desde Pontevedra ata a residencia de tempo libre e viceversa.
- ❖ Actividades de animación sociocultural.

A recollida das persoas participantes efectuarase o día 23 de decembro pola mañá e a volta o día 2 de xaneiro despois do xantar.

### Documentación:

- Solicitude e Declaración Responsable, na que se cubrirán todos os datos requiridos
- Fotocopia do DNI e da Tarxeta Sanitaria
- Tipo e importe exacto da pensión mensual e/ou doutros ingresos
- Informe social
- Informe médico

### Prazo de Solicitude:

Ata o 23 de novembro incluído

Para máis Información e presentación de solicitudes poden dirixirse ao **Servizo Social Comunitario** deste Concello os **luns de 10:30 a 14 e os martes e venres de 9 a 13:30 horas**; ou na web <http://www.imserso.es>

Ponteceures, 28 de outubro de 2016

O ALCALDE,

Juan Manuel Vidal Seage